

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 20/02/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ
LINO MOURIÑO SANTIAGO
SONIA OUTÓN CASAL
DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ
PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 20/02/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 12-feb-2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/0371

Dáse conta do escrito remitido por D. Pedro Campos Rebollido, como Presidente da Comunidade de Propietarios Doutor Tourón 10, solicitando a ocupación de vía pública para a realización de descarga de combustible para calefacción e auga quente do edificio.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, aínda que non se cumpra o requisito dos 7 días de antelación, de forma transitoria, mentras non lles sexa concedida a autorización de Industria para a instalación dun depósito de dimensións adecuadas ás necesidades da edificación.

PRP2024/0377

Dáse conta de escrito presentado por Gesenco Xestión en Comunidades SL, en representación de CP Extramuros 16 solicitando a instalación dun espello na saída do garaxe do edificio nº 16 da Rúa Extramuros para facilitar a incorporación e circulación de vehículos que saen do mesmo..

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación dun espello panorámico fronte á saída na beirarrúa de enfronte, entre os dous inmobles, e o máis pegada posible á fachada de ambos, efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios do citado garaxe.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación

PRP2024/0378

Dáse conta de escrito presentado por Dona María Cristina Padín Cobas, titular do establecemento “CARAMUXOS” situado en Praza Liberdade, 1 – 36610 Carril (Vilagarcía de Arousa). no que indica que debido ás tarefas de carga e descarga derivadas do desenvolvemento da actividade necesita unha Reserva de Carga e Descarga.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberá realizar a súa solicitude ante o organismo Portos de Galicia, por ser o titular dos terreos nos que solicita a zona de carga e descarga.

PRP2024/0508

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Construcciones Metálicas Cuevas SL, por un importe total de 1.318,84 € (IVE incluído), con cargo á partida 323.212, para o subministro e colocación de porta para a reposición da existente na aula da Escola infantil Municipal que se usa para que os nenos e nenas durman a sesta, dado que a actual está moi deteriorada, incluíndo o mesmo a retirada da porta actual.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0544

Dáse conta do escrito do Secretario Xeral Técnico e do Patrimonio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, remitindo informe da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade, no que se indica que se procedeu ao aboamento dos pagos pendentes de gas e electricidade, tal e como se indicaba no acordo de Xunta de Goberno Local de data 2 de xaneiro de 2024, e solicitan se prosiga coa tramitación do expediente de cesión a título gratuito do uso de local dunha superficie de 266 m², situado na Avda. Matosinhos nº 1 (Edificio Matosinhos), para destinalo aos Servizos de Inspección de Saúde.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder á cesión gratuita do citado local, propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, manténdose a cesión en precario por se o Concello necesitase ese espazo, nas mesmas condicións indicadas no acordo de Xunta de Goberno Local de data 1 de febreiro de 2011, co compromiso da Consellería de aboar ao Concello a contía de 100 €/mes para electricidade e 100 €/mes para calefacción.

RECURSOS HUMANOS

PRP2024/0465

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de xaneiro de 2024, por un importe total de 11.250,00 € e con cargo á partida 912.233:

| CARGO ELECTO | PLENOS E XGL | | COMISIONS INFORMATIVAS | | MESA CONTRATACION XERENCIA URBANISMO | | TOTAL EUROS |
|--------------------------|--------------|------------|------------------------|------------|--------------------------------------|-----------|-------------|
| | Nº sesións | DIETAS | Nº sesións | DIETAS | Nº sesións | DIETAS | |
| D. LINO MOURIÑO SANTIAGO | 7 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 1350,00 € |

| | | | | | | | |
|--|---|------------|-----|------------|-----|-----------|------------|
| D. CARLOS COIRA LOJO | 7 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 1350,00 € |
| D. DIEGO GARCIA SANTIAGO | 7 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 1300,00 € |
| D ^a LUZ MARIA ABALO PÉREZ | 7 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | 2 | x 50,00 € | 1400,00 € |
| D. JUAN ANDRES BAYON ROLO | 2 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 600,00 € |
| D ^a M ^a ELENA SUAREZ SARMIENTO | 2 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 475,00 € |
| D. JESUS REY RODRIGUEZ | 2 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 550,00 € |
| D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO | 2 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 425,00 € |
| D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ | 1 | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 150,00 € |
| D ^a MARTA MARÍA FERRADANS PADIN | 2 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 600,00 € |
| D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO | 2 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 550,00 € |
| D. JULIO VARELA CARDALDA | 2 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 550,00 € |
| D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ | 2 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | 2 | x 50,00 € | 650,00 € |
| D ^a ROSA M ^a ABUIN RODRIGUEZ | 2 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | 2 | x 50,00 € | 650,00 € |
| D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO | 2 | x 150,00 € | 2 | x 125,00 € | 2 | x 50,00 € | 650,00 € |
| TOTAL | | | | | | | 11250,00 € |

PRP2024/0466

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de xaneiro de 2024, coa seguinte desagregación:

| GRUPO MUNICIPAL | Número concelleiros | Comp. Fixo € | Compoñente variable € | Total Mes xaneiro |
|---------------------------|---------------------|--------------|-------------------------|-------------------|
| PARTIDO POPULAR G36573152 | 9 | 350,00 | 300,00 x 9 = 2.700,00 € | 3.050,00 € |
| PSdeG-PSOE G36573277 | 9 | 350,00 | 300,00 x 9 = 2.700,00 € | 3.050,00 € |
| BNG V36594372 | 2 | 350,00 | 300,00 x 2 = 600,00 € | 950,00 € |
| ESQUERDA UNIDA V94192663 | 1 | 350,00 | 300,00 x 1 = 300,00 € | 650,00 € |
| TOTAL | 7.700,00 € | | | |

PRP2024/0535

Dáse conta das Bases de selección polas que se convoca un concurso-oposición para a

formación dunha bolsa de traballo para a selección de Titulados Universitarios en Traballo Social e unha bolsa de Titulados Universitarios en Educación Social que poidan pasar a prestar servicios como Funcionarios Interinos, por ter caducado as anteriores.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar as mesmas.

PRP2024/0536

Con data 9 de maio de 2016 á XGL acordou aprobar a convocatoria para a formación de Bolsas de Emprego de diferentes especialidades pertencentes ao Grupo AP (E) de persoal persoal operario seguinte:

...; Peón forestal; xardineiro; electricista; albanel; fontaneiro; carpinteiro; soldador; condutor-padexeiro; e pintor.

Os diferentes servizos municipais veñen de informar de que as diferentes bolsas actualmente xa non contan có persoas dispoñibles para atender as ofertas de nomeamentos interinos polo que é urxente e necesario proceder a ampliar as bolsas existentes da categoría de operario nas súas diferentes modalidades segundo as tarefas previstas para os postos de traballo existentes na RPT municipal.

Con data 25 de novembro de 2019 á XGL acordou aprobar a prórroga das bolsas de emprego de diferentes postos de peón/operario pertencentes ao Grupo AP (E). Asemade adoptou o seguinte acordo:

“Segundo: A creación de dúas novas Bolsas nas seguintes categorías para atender as funcións e tarefas que non é posible coas anteriores enumeradas como se acredita no expediente e nas propostas dos encargados dos servizos respectivos:

- Bolsa Operario/condutor minibarredora.

....”

Á vista do Anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases xerais reguladoras da convocatoria de probas selectivas para o nomeamento como funcionario interino e polo procedemento de OPOSICIÓN.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2024/0545

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego "Labora Xove 2023", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Aeromar Drones (Jorge García Caamaño) para a prestación do servizo de formación na materia complementaria de Salvamento con Drons (80 h) para a especialidade de Socorrismo en espazos acuáticos do Programa de Emprego, por un importe total de 4.800,00 €, con cargo á partida 2412.22799.

PRP2024/0592

Dase conta da resolución da Xunta de Goberno Local da Diputación Provincial de Pontevedra, donde acórdase aprobar a concesión dunha axuda ao Concello de Vilagarcía de Arous, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) polo importe de 284.565,96€ para a contratación de 35 traballadores/as nas categorías laborais que se relacionan:

TOTAL 35 traballadores/as xornada completa 8 meses dende o 1 de abril de 2024.

14 Peóns Axudantes Albaneis.
1 Peón fontaneiro.
5 Peóns Pintores/as e/ou empapeladores.
4 Peóns Instaladores electricistas.
4 Peóns forestais.
4 Peóns Traballadores/as de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos.
1 Peón Conductor operador de retroexcavadora.
2 Axudantes mantedores de instalacións deportivas.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/0384

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os servizos de creación de accións de comunicación e promoción para dar visibilidade mediática ao Festival Internacional de Música clasclás durante os meses de abril e xuño de 2024 a MBH Comunicación (Marcos Blanco Hermida) con NIF 36142538Q polo importe total de 5.445,00€ (4.500,00 € + 945,00€ do IVE) , con cargo ao Proxecto de orzamento financiado con RRPP con código 2024-3-CRRTE-5-1. (partida orzamentaria 3261.22706).
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0385

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto de aluguer do piano Steinway & Sons D274 para a VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 e a súa adxudicación á empresa HINVES PIANOS S.L. de Madrid con CIF B18651901, segundo as especificacións que figuran na orzamento presentado por un importe de total de 5.557,50 € + 1.167,08 € de IVE = 6.724,58 € e para o período comprendido entre o 24 e o 29 de xuño de 2024, ámbolos dous inclusive, con cargo á partida 3261.205 do proxecto con código 2024-3-CRRTE-5-1.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0387

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para Cobertura fotográfica e audiovisual do Festival clasclás 2024 a Dona Cristina Durán Recuna con NIF 35476266P polo importe de 4.100,00 € + 861,00 € do IVE o que fai un total de 4.961,00 € e con cargo ao Proxecto de orzamento financiado con RRPP con código 2024-3-CRRTE-5-1 (partida 3261.22706).
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/0501

Polo Departamento de Medio Ambiente dáse conta da seguinte incidencia ocorrida no IES de Carril:

O día 21.12.2023 a Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade remite copia da notificación enviada a Espina&Delfin pola incidencia no abastecemento de auga de consumo no IES de Carril por detectar naquela a presenza de metais pesados.

Os días 20 e 22 de decembro de 2023 Espina&Delfin presenta sendos escritos polos que comunica que, tras a incidencia detectada, se realizaron contraanálises nos mesmos puntos de toma de mostra realizada por Sanidade e nun punto da rede exterior previa á entrada ao IES de Carril que demostran que o problema da turbidez detectada no IES non radica na calidade da augas senón nun problema da instalación interior do instituto. Tamén acreditan a remisión dun escrito de contestación á Consellería de Sanidade onde se lles transmite esta mesma información e se dá por pechada a incidencia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Consellería de Educación aos efectos oportunos.

PRP2024/0534

Dáse conta da publicación no DOG do día 24 de xaneiro de 2024 por parte da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes dunha Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación ambiental para o ano 2024 destinadas a entidades locais de Galicia.

No artigo 14.2 da Orde regúlase o orzamento máximo, importes máximos subvencionables e límite de subvención para gastos de funcionamento na liña en concorrencia non competitiva e establécese que “a cantidade máxima da subvención a tanto global por concello segundo esta orde, será a suma das cantidades establecidas no anexo V. En ningún caso o importe da subvención poderá superar o orzamento total das actuacións para as cales o concello solicita subvención”. Segundo o anexo V ao Concello de Vilagarcía de Arousa correspóndenlle un importe máximo de subvención total de 10.924,57 euros, (2.467,20 euros en función do nº de aeroxeradores instalados no seu término municipal, e 8.457,37 € como importe máximo subvención pola lonxitude das liñas).

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención na liña de CONCORRENCIA NON COMPETITIVA para a realización da actuación de REFORMA DO POZO DE BOMBEO SITO NA RÚA DA GRANXA EN BAMIO, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención.

- Subvención Solicitada. 10.924,57 €

- Orzamento total da actuación: 14.630,00 € (IVE non incluído), polo que o Concello comprométese a asumir a diferenza en función do que finalmente resulte do procedemento de contratación, con cargo á partida 160.213.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2024/0512

Vista a proposta da Área de Igualdade - CIM, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a realización de obradoiros nos centros educativos nos que traballar a sensibilización en novos modelos de construción da masculinidade e a prevención da violencia de xénero a D. Jorge García Marín, por un importe total de 8.329,00 € (IVE exento), pola realización de un total de 49 obradoiros de 60 m. de duración cada un, no conxunto dos centros educativos da vila, dirixidos ao alumnado de 3º ciclo de primaria ou ben ao 2º ciclo da secundaria, a desenvolver durante os meses de febreiro a xuño de 2024, con cargo á partida 2312.22610, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2024/0511

Dáse conta do Convenio de Colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) con C.I.F. Q6550009B e O Concello de Vilagarcía de Arousa, debidamente asinados, para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorio do 1º semestre de 2024, no que se estipulan as condicións do mesmo.

PRIMEIRO: A continuación detallase a programación que este concello de Vilagarcía, ten previsto realizar no primeiro semestre do 2024 así como a aportación establecida (Condición 4º do convenio):

| COMPAÑÍA | ESPECTÁCULO | DATA | HORA | ACEHGA AGADIC | ACHEGA CONCELLO | TOTAL |
|-------------------------------|----------------|------------|-------|---------------|-----------------|-----------|
| ButacaZero | IRIBARNE | 24-02-2024 | 20:00 | 3.103,50 | 3.103,50 | 6.207,00 |
| Redrum Teatro | Hamelin | 06-04-2024 | 20:00 | 2.480,50 | 2.480,50 | 4.961,00 |
| Fran Sieira-Compañía de Danza | Ceibe | 26-04-2024 | 20:00 | 5.169,50 | 2.215,50 | 7.385,00 |
| Contraporoducións SL | Entrega en Man | 25-05-2024 | 20:00 | 2.238,50 | 2.238,50 | 4.477,00 |
| TOTAL | | | | 12.992,00 | 10.038,00 | 23.030,00 |

SEGUNDO: O custe total das actividades ascende a un total de 23.030,00 €, que será sufragado integramente polo Concello de Vilagarcía de Arousa, e previa xustificación correcta ao AGADIC esta axencia participará co 50% do gasto proposto, e no caso da Danza do 70%, resultando finalmente a participación municipal de 10.038,00 €, con cargo á partida 334.22609.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as actuacións indicadas, así como a aportación municipal.

PRP2024/0539

A asociación cultural Mesa das Verbas de Vilagarcía de Arousa organiza desde 2021 un certame de creación poética dirixido á poboación escolar, aberto a todos os centros de ensino de Galicia

e en especial aos de Vilagarcía e a súa zona de influencia.

A finalidade deste concurso é promover a creatividade en lingua galega e fomentar a poesía entre a mocidade.

Neste curso 2023-2024 celebrouse o IIIº Concurso de Poesía en Lingua Galega “Xaquina Trillo” “dirixido á participación da mocidade que está a cursar os estudos de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO), mocidade entre os 12 e os 16 anos, segundo consta nas bases do concurso da asociación.

O prazo de presentación de orixinais foi do 15 de setembro ao 31 de decembro de 2023.

O concurso organizado pola asociación conta coa colaboración da Deputación de Pontevedra, o Centro Comercial Arousa e a mesma concellaría de Cultura do concello de Vilagarcía de Arousa.

A colaboración que se presta a este concurso é a de secretaría técnica do Xurado, confeccionando e coordinando a acta, organización do acto de entrega dos premios o día 22 de febreiro de 2024, ás 20:00 horas no Salón García, a impresión dos diplomas e un agasallo institucional do concello aos gañadores dos premios pola súa participación. O agasallo aos premiados pola asociación nesta IIIª edición do concurso, será ao igual que na edición anterior: un altofalante por cada premiado pola asociación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao subministro de tres altofalantes, por parte da Empresa DIPETRINTA S.L, por un importe total de 402,93 €, con cargo á partida 334.48100, de conformidade co orzamento presentado.

CONTRATACIÓN

PRP2024/0462

Dáse conta de proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Educación para a adxudicación dun contrato menor de servizos para a redacción do ANTEPROXECTO de acondicionamento de diversos espazos da Casa de Cultura de Vilagarcía, sito na Rúa Alcalde Rey Daviña, 14 para albergar a Biblioteca infantil municipal e a creación de varios espazos dedicados a seminarios. Ademais, realizaranse actuacións específicas para solucionar diversos problemas que na actualidade afectan ao edificio, así como a súa adaptación á normativa vixente. Estas actuacións comprenderán os seguintes aspectos:

- Dotar ao Salón García dun aislamiento acústico adecuado, que evite a transmisión de sons ao resto dos espazos do edificio.
- Reparar humidades puntuais na zona de camerinos do Salón García.
- Estudar unha solución para resolver a accesibilidade á planta primeira da Sala de exposición Antón Ribas Briones.
- Reparar entrada de auga a través do lucernario situado ao fondo da Sala Ribas Briones.
- Dotar á fachada do edificio dunha instalación de iluminación.

O traballo inclúe tamén a mellora do grao de adaptación do edificio á normativa vixente (CTE e normativa galega de accesibilidade).

O orzamento de execución material das obras estimase en 1.248.200 €.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos para a “redacción do ANTEPROXECTO de acondicionamento de diversos espazos da Casa de cultura de Vilagarcía, sito na Rúa Alcalde Rey Daviña, 14 para albergar a Biblioteca infantil municipal e a creación de

varios espazos dedicados a seminarios”, ao Arquitecto D ALBERTO REDONDO PORTO (NIF 35444905L), por un importe total de 18.089,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

PRP2024/0468

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de novembro de 2023, adxudicouse o contrato de obras de “Construción de soportal no Campo de Fútbol de Bamio” á mercantil PLANIFICACIÓN DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A. (A36229557), por importe de 21.000,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 4.410€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 25.410,00€, con cargo á partida orzamentaria 342 63200.

Dáse conta da existencia dun erro no citado acordo de Xunta de Goberno Local:

Onde di:

Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.

Debe dicir:

Considérase un prazo de execución de 3 meses para a completa realización dos traballos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2024/0507

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 03/05/2021 acordou adxudicar á entidade Aparicio, Atrius, Coltia y Real del Campo Abogados, Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982, UTE”, en adelante UTE, provista do CIF U06798490, o contrato de servizos denominado SERVICIO DE ASISTENCIA DE LETRADO PARA PRESENTACIÓN TELEMÁTICA OU PRESENCIAL DA DOCUMENTACIÓN ANTE OS ÓRGANOS XUDICIAIS E POSTERIOR REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUIZO (AGÁS EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS) DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA polo prezo de 36.433,10 € (IVE incluído) cun prazo de execución de 24 meses a contar dende o 1 de xuño de 2021.

Segundo a cláusula 2ª do contrato o prazo de execución do servizo é de 24 meses, comezando a prestación do servizo o 1 de xuño de 2021. A duración do contrato, de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a licitación, era inicialmente de 24 meses, sendo susceptible de prórroga por dous anos máis (duración total do contrato incluídas as prórrogas: 4 anos).

O Servizo obxecto do contrato é necesario que continúe prestándose para atender os recursos que os interesados interpoñen ante os órganos xurisdiccionais contra os actos de Concello (agás en materia de Recursos Humanos).

En atención ó exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a 2ª prórroga, con efectos 01/06/2024, por un prazo de 1 ano (ata 31/05/2025) e sen variar as condicións, o contrato de servizos denominado CT 74/2019–e “ASISTENCIA DE LETRADO PARA PRESENTACIÓN TELEMÁTICA OU PRESENCIAL DA DOCUMENTACIÓN ANTE OS ÓRGANOS XUDICIAIS E POSTERIOR REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUIZO (AGÁS EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS) DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA coa mercantil UTE-Aparicio, Atrius, Coltia y Real del Campo Abogados. con NIF: U06798490.

PRP2024/0514

O Diario Oficial de Galicia número 18, de data 25 de xaneiro de 2024, publicou a Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, coa seguinte asignación de importe máximo ao concello de Vilagarcía de Arousa:

| Código | Concello | Asignación | Anualidade 2024 | Anualidade 2025 |
|--------|----------------------|------------|-----------------|-----------------|
| 36060 | Vilagarcía de Arousa | 51.384 € | 25.033 € | 26.351€ |

Polo enxeñeiro técnico ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, redactouse o proxecto técnico denominado “Mellora do camiño na rúa Canto en Sobrán”, cun importe de licitación (IVE engadido) de 79.863,50 € co obxecto de que sexa cofinanciado con cargo ao citado Plan por importe de 51.384 € (2.000€ para o control de calidade) e con cargo ao Concello por importe de 30.479,5€.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Mellora do camiño na rúa Canto en Sobrán”, redactado polo enxeñeiro técnico ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 79.863,50 €.
- 2.- Solicitar a participación no Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, convocado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, publicado no DOGA Número 18, de data 25 de xaneiro de 2024.
- 3.- Solicitar da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o financiamento do proxecto denominado “Mellora do camiño na rúa Canto en Sobrán”, por importe de 51.384 € dos que 2.000,00 € se aplicarán para a contratación do servizo de control de calidade das obras executadas, segundo consta nas bases reguladoras da subvención.
- 4.- Aprobar a achega municipal por importe de 30.479,5 €.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2024/0533

Visto o expediente de gasto INT/2024/35 integrado pola relación de xustificantes F/2024/5 por importe de 68.232,41 €.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Imputar o gasto do exercicio 2023 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente para a factura Nº F/2023/346 por importe total de 266,81 €.

SEGUNDO: En virtude do establecido na Base 21 do orzamento, Imputar o gasto do exercicio 2023 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente (2022 prorrogado), segundo se indica.

TERCEIRO: O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/5 por importe de 68.232,41€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Nombre | Texto Explicativo |
|---------------|-----------------|------------|---------------|----------|-----------|-----------------------------|--|
| F/2024/17 | FA 12940 | 31/12/2023 | 82,50 | 132 | 22799 | INTEGRALDATA SECURITY, S.A. | RECOGIDA Y DESTRUCCION CONTENEDOR ALUMINIO 240LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / RECOGIDA Y DESTRU |
| | | | 27,50 | 2312 | 22799 | | |
| | | | 165,00 | 920 | 22799 | | |
| | | | 82,50 | 150 | 22799 | | |
| | | | 82,50 | 931 | 22799 | | |
| | | | 11,00 | 334 | 22799 | | |
| | | | 11,00 | 3261 | 22799 | | |
| | | | 11,00 | 165 | 22799 | | |
| | | | 11,00 | 3262 | 22799 | | |
| | | | 27,50 | 2311 | 22799 | | |
| | | | 27,50 | 231 | 22799 | | |

| | | | | | | | |
|----------------|---------------------|----------------|--------------------|-------------|----------------|---------------------------------------|---|
| F/2024/ 31 | 01 00101---23002152 | 31/12 /2023 | 423,50 | 4311 | 22799 | RADIO PONTEVEDRA, S.A. | CAMPAÑA ""SON DA CASA Y NAVIDAD"" / CAMPAÑA ""SON DA CASA Y NAVIDAD"" / CAMPAÑA ""SON DA CASA Y NAVIDAD"" / CAMPAÑA ""SON DA CA |
| F/2024/ 56 | Emit- 128 | 01/11 /2023 | 233,14 | 133 | 200 | ALVAREZ CONCHADO HIJOS, S.A. | Por el arrendamiento de las fincas de nuestra propiedad, sitas en Vilagarcía de Arousa, Rúa Francisco Porto Rey nº3 y nº |
| F/2024/ 57 | Emit- 129 | 01/12 /2023 | 233,14 | 133 | 200 | ALVAREZ CONCHADO HIJOS, S.A. | Por el arrendamiento de las fincas de nuestra propiedad, sitas en Vilagarcía de Arousa, Rúa Francisco Porto Rey nº3 y nº |
| F/2024/ 58 | Emit- 130 | 01/01 /2024 | 233,14 | 133 | 200 | ALVAREZ CONCHADO HIJOS, S.A. | Por el arrendamiento de las fincas de nuestra propiedad, sitas en Vilagarcía de Arousa, Rúa Francisco Porto Rey nº3 y nº |
| F/2024/ 64 | V 20232676 | 30/12 /2023 | 1.202,32 | 432 | 22610 | MADERAS REDONDO, S.L. | PINO ROJO TRATADO V CEPY BOLEADO / PINO ROJO DECK V TRATADO Y CEP. / TORNILLO ABC 3,5*30 / TORNILLO ABC 4,5*70 / TABLER |
| F/2024/ 65 | RM 240003 | 08/01 /2024 | 23,58 | 1530 | 214 | RECAMBIOS HIDRAULICA MIRO, S.L. | FAG ROD. RIGIDO A BOLAS UNA HILERA / FAG ROD. RIGIDO A BOLAS UNA HILERA / RETEN TC-NBR BLUE 30X47X7 |
| F/2024/ 67 | A 2023/A/2324175 | 20/12 /2023 | 47,19 | 171 | 22615 | LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. | ANILLAS PARA 003241SP / 902211 SLEEVE ARO NEGRO MANETAS MUELLE / 620 TRANSPORTE |
| F/2024/ 70 | A 74 | 08/01 /2024 | 56,40 | 1720 | 22199 | SEGURLAIN 2020, S.L. | MEDIOAMBIENTE / Polar cuello alto c/cremallera DAKOTA / Bota Reno UK S3 |
| F/2024/ 71 | GLFA2303343 | 31/12 /2023 | 69,16 | 2311 | 22110 | SRCL CONSENUK, S.L.U. | TRBiosanitarioBiotrex60N (Surcursal 001:SPAD - GUMERSINDO NARTALLO 9,36600 VILAGARCÍA DE AROUSA) / SUContenedorBiotrex |
| F/2024/ 77 | V2301558 | 31/12 /2023 | 135,15 263,58 | 1720 943 | 22103 46300 | AREA SERVICIO BARCA, S.L. | DE A GASOLEO A (Matricula: 7658HMD) / GASOLEO A (Matricula: 3008DZC) / GASOLEO A (Matricula: E0037BGZ) |
| F/2024/ 78 | V2301557 | 31/12 /2023 | 595,11 | 1530 | 22103 | AREA SERVICIO BARCA, S.L. | DE A GASOLEO A (Matricula: 1426DBD) / GASOLEO A (Matricula: 9243LFX) / S/P 95 (Matricula: 3893KGG) / S/P 95 (Matricula |
| F/2024/ 81 | V2301556 | 31/12 /2023 | 1.011,83 390,20 | 454 943 | 22103 46300 | AREA SERVICIO BARCA, S.L. | DE A GASOLEO A (Matricula: E9962BBJ) / GASOLEO A (Matricula: 9854BFX) / GASOLEO A (Matricula: PO2103V) / GASOLEO A (Ma |
| F/2024/ 83 | V2301551 | 31/12 /2023 | 118,51 | 160 | 22103 | AREA SERVICIO BARCA, S.L. | DE A GASOLEO A (Matricula: 6675LMF) |
| F/2024/ 97 | 4051538523 | 19/12 /2023 | 369,32 | 1720 | 213 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | FILOBRUSH-3MM-200M-SQUARE |
| F/2024/ 109 | 24000064 0 | 11/01 /2024 | 9,55 | 3261 | 22199 | SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L. | ADAPTADOR DISPLAYPORT A HDMI DP/M-HDMI/F 15CM (CONSERVATORIO DE MUSICA PEDIDO ROSINA) |
| F/2024/ 113 | A 88 | 12/01 /2024 | 79,76 | 164 | 22199 | SEGURLAIN 2020, S.L. | CEMENTERIO / Mascarilla FFP2 V plegable / Gafas seg. PW Tech claras PS11 |
| F/2024/ 346 | 1195 241200002 | 16/01 /2024 | 266,81 | 164 | 22699 | BAYGAR, S.L. | DUMPER 150 DH E-5562-BBX / Seguro DUMPER 150 DH E-5562-BBX / ROTATIVO |
| F/2024/ 360 | T24 50 | 09/01 /2024 | 223,37 | 1720 | 214 | AUTOS IBAÑEZ, S.A. | CAMBIAR ACEITE Y FILTRO / ITV / TASA / 1 1637768080 - E:FILTRO ACEITE / 1 TOTAL5W30 - QUARZT INEO ECS 5W30 / 1 GAU - MAN |

| | | | | | | | |
|----------------|-----------------------------|----------------|---------------|------|-------|--|--|
| F/2024/ 455 | A 143 | 18/01 /2024 | 117,27 | 164 | 22199 | SEGURLAIN 2020, S.L. | CEMENTERIOS / Guante Ultra Liquid / Guante poliamida baño nitrilo 623 |
| F/2024/ 457 | A 61 | 22/01 /2024 | 1.658,24 | 4311 | 22799 | VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L. | Impresión en vinilo HQ Avery polimérico+ / + Corte mediante OPOS. Medida: 53x23cm / (Stickers Son da Casa para pegar po |
| F/2024/ 467 | 4051627155 | 15/01 /2024 | 469,55 | 1720 | 22199 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | LIMPIAPARABRISAS-DILUIDO-AZUL-1L / DISCO-DIAMANTE-GRANITO-TL- D230MM / GUANTE PIEL FLOR SERRAJE VACUNO T:8 / GAFAS-PRO |
| F/2024/ 495 | ASISTENCIA SESION23 | 29/12 /2023 | 1.680,00 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL POLA ASISTENCIA AS SESIÓNS DA COMISIÓN EXECUTIVA, XUNTA DA MANCOMUNIDADE E COMISIÓN DE CONTAS 2023. |
| F/2024/ 496 | Gastos xerais 23/3 | 29/12 /2023 | 5.516,63 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL A GASTOS XERAIS DO TERCEIRO CUATRIMESTRE |
| F/2024/ 497 | FONDOCOMPENSACION | 29/12 /2023 | 3.229,73 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL POLAS ACTUACIÓNS DE CONVERSACIÓN AMBIENTAL NOS NÚCLEOS RURAIS 2023. |
| F/2024/ 498 | BACHEOS 23/3 | 29/12 /2023 | 3.089,44 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL AL SERVICIO DE BACHEOS TERCER CUATRIMESTRE |
| F/2024/ 499 | CONSER.AMBIENT23/3 | 29/12 /2023 | 1.088,92 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL AL SERVICIO DE CONSERVACIÓN MEDIOAMBIENTAL 3º CUATRIMESTRE 2023. |
| F/2024/ 500 | MINIPALAS 23/3 | 29/12 /2023 | 3.951,91 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL AL SERVICIO DE MINIPALAS TERCER CUATRIMESTRE |
| F/2024/ 501 | MOTONIVELADORA 23/3 | 29/12 /2023 | 2.196,16 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL AL SERVICIO DE MOTONIVELADORA TERCER CUATRIMESTRE |
| F/2024/ 502 | OFICINAVERQUIDO23/ 3 | 29/12 /2023 | 34,95 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL POLA PRESTACIÓN DO SERV. DA OFICINA PARA A CALIDADE DA AUGA E CONTROL DE VERQUIDOS 3º CUATR. 2023. |
| F/2024/ 503 | DESBROZADORA 23/3 | 29/12 /2023 | 2.832,33 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL AL SERVICIO DE DESBROZADORA TERCER CUATRIMESTRE |
| F/2024/ 504 | CAMIONGRUA 23/3 | 29/12 /2023 | 671,26 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL AL SERVICIO DE CAMIÓN GRUATERCER CUATRIMESTRE |
| F/2024/ 505 | PROMOCION TURISTICA 23/3 | 29/12 /2023 | 15.302,2 0 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL AL SERVICIO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA TERCER CUATRIMESTRE |
| F/2024/ 506 | SUMINISAUGA | 29/12 /2023 | 1.918,33 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL O SERVICIO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE 2023. |
| F/2024/ 507 | DEPURADORA23 | 29/12 /2023 | 340,46 | 943 | 76300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL PARA O PROXECTO DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE RIBADUMIA 2023. |
| F/2024/ 508 | ETAP23 | 29/12 /2023 | 11.074,3 1 | 943 | 76300 | MANCOMUNIDAD E DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL PARA O PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA NAS INSTALACIÓNS DE BOMBEO DA ETAP 2023. |
| F/2024/ 519 | ACAF 2023 3 | 24/01 /2024 | 350,00 | 432 | 22699 | ASOC. COMPOS. AMIGOS FERROCA | COLABORACION ACTOS EN VILAGARCIA DE AROUSA CON MOTIVO DE LA CELEBRACION DEL 150 |

| | | | | | | | |
|------------|-----------------|------------|----------|------|-------|--|--|
| | | | | | | | ANIVERSARIO FFCC GALICIA |
| F/2024/527 | 253/23 | 30/12/2023 | 95,00 | 164 | 22199 | PAPELERIA ARINES, C.B. | PLÁSTICOS PARA PLASTIFICAR.CEMENTERIO MUNICIPAL |
| F/2024/532 | Emit- 017 | 25/01/2024 | 503,36 | 334 | 22103 | SERVICIOS LACAR SALNES, S.L. | PELLETS (SUMINISTRO DE PELLETS EN CASA CULTURA RENZA) / PELLETS (SUMINISTRO DE PELLETS EN CASA CULTURA DE GALANS) |
| F/2024/547 | 009/24 | 11/01/2024 | 55,00 | 2312 | 22610 | PAPELERIA ARINES, C.B. | SUBMINISTRO MATERIAL OFICINA PARA MARATÓN FOTOGRÁFICO 8 DE MARZO |
| F/2024/552 | Emit- 021 | 29/01/2024 | 484,48 | 3321 | 22103 | SERVICIOS LACAR SALNES, S.L. | PELLETS (SUMINISTRO DE PELLETS EN BIBLIOTECA MUNICIPAL) |
| F/2024/554 | Emit- 016 | 29/01/2024 | 30,25 | 3321 | 213 | INSTAL. ECOVILA, S.L. | CALEFACTORES (REPARACIÓN DE CALDERA EN BIBLIOTECA MUNICIPAL) |
| F/2024/555 | Emit- 0017 | 29/01/2024 | 205,70 | 3262 | 213 | INSTAL. ECOVILA, S.L. | CALEFACTORES (REPARACIÓN DE CALDERA EN ESCUELA DE MUSICA) |
| F/2024/559 | A24- 37 | 29/01/2024 | 181,50 | 4311 | 22610 | ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. | Fabricación de gobo bicentenario con la leyenda ""200 (1824-2024)"" según diseño facilitado. Según presupuesto 28923 de fe |
| F/2024/560 | A24- 38 | 29/01/2024 | 847,00 | 432 | 22610 | ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. | Campaña de promoción turística local de Nadal 2023 mediante venta de 4 rollos de neón double WW 220v-50m. Solicitado por |
| F/2024/565 | 24003 | 15/01/2024 | 491,84 | 1720 | 213 | PADIN SILVA, FRANCISCO | REPARACIÓN DESBROZADORA 545 RX. MEDIO AMBIENTE. |
| F/2024/566 | 24002 | 15/01/2024 | 140,13 | 1720 | 213 | PADIN SILVA, FRANCISCO | REPARACIÓN DESBROZADORA 545 RX.MEDIO AMBIENTE. |
| F/2024/567 | Q000004/2024 | 09/01/2024 | 64,00 | 2311 | 22106 | RODRIGUEZ MARTINEZ, M ^o PILAR | METADONA CLORHIDRATO SOL 1% 1 LITRO. SPAD. |
| F/2024/573 | Emit-2024 00057 | 30/01/2024 | 1.693,82 | 150 | 224 | MUTUA SEGUROS PRIMA FIJA | POL.10-24685-SUPL.22-PATRICIA M. PACIN BARREIRO-DNI 76366947R-SEGUROS MUSAAT |
| F/2024/575 | 401240019 | 30/01/2024 | 83,37 | 323 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | CINTA AISLANTE 20MTSX19M/M GRIS 5088CINTA AISLANTE 20MTSX19M/M GRIS 5088 / CINTA AISLANTE 20MTSX19M/M MARRON 5089CINTA A |
| F/2024/576 | 401240020 | 30/01/2024 | 58,44 | 920 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | FV202AC40/0,03 2X40/30 2CSF202007R1400FV202AC40/0,03 2X40/30 2CSF202007R1400 / PUNTA HUECA CORTA APF-1,0 ROJO 245120PUNT |
| F/2024/577 | 401240023 | 30/01/2024 | 141,62 | 334 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | CASA CULTURA VILA XOANCASA CULTURA VILA XOAN / RESIST.425W 14H P/ACU M808-17-22-26-34RESIST.425W 14H P/ACU M808-17-22-26 |
| F/2024/578 | 401240021 | 30/01/2024 | 348,29 | 165 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | TUBO DOBLE PARED 75 ROLLO RJ. 121100075TUBO DOBLE PARED 75 ROLLO RJ. 121100075 / INT.AUT.MAGNETOT.IC60N 1P 16A CURVA-CIN |
| F/2024/579 | 401240022 | 30/01/2024 | 142,76 | 320 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | 320 : COLEGIO LA ESCARDIA 320 : COLEGIO LA ESCARDIA / KIT AUDIO N-CITY 1L 4+NKIT AUDIO N-CITY 1L 4+N / 320 : |
| F/2024/581 | N03 233416721 | 24/01/2024 | 59,95 | 161 | 22699 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | DATOS DO SUBMINISTRO: Titular do contrato: CONCELLO DE VILAGARCIA |

| | | | | | | | |
|----------------|--------------|----------------|---------------|------|-------|-----------------------------|---|
| | | | | | | | DE AROUSA (EDIFICIO TELEFONICA) Enderezo do subm |
| F/2024/ 586 | 0002/0975219 | 30/12 /2023 | 200,00 | 2314 | 22610 | IRENE CARBALLA RODRIGUEZ | SUBMINISTRO DE 30 KILOS DE GOMINOLA E 4 PAQUETES DE BOLSA PARA A XXIII EDICIÓN DA FESTA DA TOMA DAS UVAS 31/12/2023. |
| F/2024/ 588 | P000067/2024 | 18/01 /2024 | 64,00 | 2311 | 22106 | CHAVES CASTRO, MANUEL | SOL METADONA 10 % 1000 CC.SPAD. |
| F/2024/ 670 | 0124 | 29/01 /2024 | 296,45 | 4311 | 22799 | DURAN RECUNA, CRISTINA | FOTOGRAFÍAS PUBLICIDADE BONOS SON DA CASA. |
| | | TOTA L | 68.232,4 1 | | | | |

CUARTO: Reintegro do crédito sobrannte no seguinte acordo, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución do contrato en cuestión e informada favorablemente polo órgano xestor responsable do contrato:

| Nº Operación | Fase | Fecha | Aplicación | Importe | Texto Libre | MODIFICACION |
|--------------|------|------------|------------|----------|---|--------------|
| 220239000123 | A | 01/01/2024 | 4311 22799 | 2.000,00 | APROBACIÓN GASTOS BONOS SON DA CADA EDICIÓN 2023. | -45,31 |

PRP2024/0555

A Xunta de Goberno Local de data 04/09/2023 aprobou o convenio para a concesión dunha subvención directa á AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL (G-36213213), por importe de 65.000,00€, sendo prepagable o primeiro 50% polo importe de 32.500 € e o resto cando se xustifique a subvención.

Visto o informe favorable do servizo de Promoción Económica, e comprobado que a conta xustificativa e demais obrigas establecidas foron presentadas en prazo e que contén facturas polo importe de 65.001,83 €, e visto o informe favorable da Intervención Municipal, previa a xustificación total da subvención polo importe de 65.000 €, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento da obriga polo restante 50% de 32.500 €, con cargo á partida 135.489.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.